Cmus PROFESIONAL CARBALLO

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Música Tradicional

Optativa de 6º curso de Grao Profesional

Curso escolar 2026/27

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE MÚSICA TRADICIONAL

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA NA MATERIA DE MÚSICA TRADICIONAL
2. XUSTIFICACIÓN
3. OBXETIVOS
4. CONTIDOS
5. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA E RECURSOS MATERIAIS)
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
9. PROBAS EXTRAORDINARIAS
10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
12. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN
13. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN
14. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA NA MATERIA DE MÚSICA TRADICIONAL.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constituen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de vento no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

2. XUSTIFICACIÓN DA MATERIA DE MÚSICA TRADICIONAL.

Enmarcada no derradeiro curso de grao profesional, esta asignatura pretende ser unha introducción á materia de organoloxía dos instrumentos de outras tradicións culturais diferentes á occidental, como maneira de aproximarse ás músicas do mundo para aprender a coñecelas e a valoralas desde unha perspectiva aberta.

A materia ofértase para todas as especialidades instrumentais. As sesións serán de unha hora semanal.

Preténdese crear unha dinámica de taller para experimentar colectivamente, onde a partires dunha serie de liñas mestras, o propio grupo poderá ir perfilando o trazado da materia tendo en conta os intereses propios. Ademáis, preténdese dotar ao alumnado dunha serie de ferramentas básicas que lles permitan desenvolver experiencias de investigación etnomusicolóxica.

3.OBXECTIVOS:

A ensinanza de Música Tradicional como asignatura optativa no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Fomentar o interese polas manifestacións musicais diferentes á nosa propia, facendo fincapé na educación para a tolerancia e o respeto ao feito diferencial.
2. Coñecer a nosa tradición musical a través de diferentes fragmentos musicais, instrumentos e manifestacións culturais.
3. Despertar a creatividade a través de distintos recursos como a escoita activa, a análise de fragmentos musicais, a lectura de textos e actividades de creación e experimentación musical.
4. Despertar a curiosidade polos instrumentos e as músicas de diferentes tradicións musicais, aprendendo a poñelas en valor no seu contexto etnográfico.
5. Activar a curiosidade polos procesos creativos de todo tipo de expresión artística.
6. Realizar experiencias de asociación musical.
7. Descubrir o discurso musical propio como expresión xenuina e única.
8. Traballar en grupo, experimentando tódolos procesos de construcción en equipo e valorando o traballo en taller como ferramenta de enriquecemento persoal e musical.
9. Coñecer mecanismos de expresión tanto do propio instrumento coma dos demáis.

4. CONTIDOS

Os contidos na materia de música tradicional do 6º curso de grao profesional son os seguintes:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

1. Definición e obxecto de estudo: que é a música tradicional. Introdución á etnomusicoloxía. Introdución á organoloxía.
2. A clasificación dos instrumentos musicais. Diferentes tipos de clasificación. Clasificación de Sachs-Hornbostel.

3. Instrumentos idiófonos.
4. Instrumentos membranófonos.
5. Instrumentos aerófonos
6. Instrumentos cordófonos

SEGUNDO TRIMESTRE:

1. Instrumentos aerófonos.
2. Instrumentos cordófonos.
3. Formacións instrumentais no mundo II.
4. Introducción á investigación etnomusicolóxica II.

TERCEIRO TRIMESTRE:

1. Instrumentos eléctricos e electrónicos.
2. Instrumentos mecánicos e automáticos.
3. Formacións instrumentais no mundo III.
4. Introducción á investigación etnomusicolóxica III.

Exercicios:

- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
- Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.
- Audicións comentadas de diverso material sonoro.
- Lectura de textos etnomusicolóxicos.
- Elaboración de obradoiros musicais coa temática propia de cada unidade didáctica.

5. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA E MATERIAIS)

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, adquirir un coñecemento básico das manifestacións musicais procedentes doutras culturas diferentes á nosa a través do coñecemento dos seus instrumentos musicais principais, as diferentes escalas empregadas, a forma musical e a finalidade da música dentro desa cultura.

A través deste proceso pretendemos que o alumno aprenda a valorar outras manifestacións musicais dentro do seu contexto particular, fomentando en todo momento a creatividade e a significatividade que esta aprendizaxe poda ter para a súa carreira profesional.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos
- Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas.
- Audicións comentadas
-Lectura de diversos textos etnomusicolóxicos.
-Interpretación de diversas obras propostas coa voz, no instrumento principal ou en outros.

A metodoloxía apoiaráse nos seguintes principios:

- A formación individual e personalizada.
-O traballo como parte dun grupo.
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espíritu crítico
-O desenvolvemento da capacidade de valorar manifestacións culturais máis ou menos afastadas da nosa propia.
- Desenvolvemento da creatividade
- A orientación educativa

5.RECURSOS MATERIAIS

1) Bibliografía orientativa

- Camara de Landa, E. (2004). Etnomusicología. Madrid: Instituto Complutense de Ciencias Musicales. ICCMU
- Tranchefort; F.R (1985). Los instrumentos musicales en el mundo. Alianza Música
- Cruces, F. (2001).Las culturas musicales: lecturas de etnomusicologia. Trotta.
- Nettl, B. (1985).Música folk y tradicional de los continentes occidentales. Alianza Editorial.
- Reynoso, C. (2006).Antropología de la música: de los géneros tribales a la globalización
- Herrero, J. A. M. (1997).Manual de antropología de la música. Amarú Ediciones
- .Bartók, B. (1979).Escritos sobre música popular. Siglo XXI.
- Velasco, H; Díaz de Rada, A. (2009) La lógica de la investigación etnográfica. Editorial Trotta.

2) Material audiovisual:

Proxector, equipo de son, ordenador de profesor, ordenadores para os alumnos (en determinadas actividades)

2) Medios Técnicos:

- Equipo de música
- Ordenador
- Piano
- Encerado
- TV, Video / DVD.
- Piano

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar e clasificar instrumentos musicais de diferentes tradicións culturais, aplicando os principios básicos do sistema Hornbostel-Sachs e recoñecendo as súas principais

características organolóxicas e mecanismos de producción sonora.

2. Recoñecer auditiva e visualmente instrumentos e agrupacións musicais representativos de distintas tradicións, identificando as súas características tímbricas, técnicas de execución e funcións dentro do conxunto instrumental.
3. Relacionar as manifestacións musicais estudiadas cos seus respectivos contextos culturais e sociais, identificando as súas funcións, formas de transmisión e significados dentro das comunidades nas que se desenvolven.
4. Analizar e comentar exemplos musicais de diferentes tradicións, recoñecendo as súas principais características sonoras, rítmicas e formais, e relacionándoas co seu contexto cultural.
5. Realizar pequenas investigacións sobre instrumentos, agrupacións ou prácticas musicais tradicionais, empregando fontes de información axeitadas, organizando os resultados e comunicándoos de xeito claro e fundamentado, tanto por escrito como oralmente.
6. Aplicar mediante a interpretación, improvisación ou creación musical procedementos estudiados en diferentes tradicións, demostrando comprensión das súas características e capacidad para empregalos de xeito consciente e creativo.
7. Participar activamente nas actividades musicais colectivas, escoitando aos demáis, asumindo diversas funcións dentro do grupo e contribuíndo ao desenvolvemento de propostas interpretativas e creativas compartidas.
8. Comparar e valorar de maneira crítica e fundamentada manifestacións musicais de diversas culturas, evitando xuízos baseados exclusivamente nos modelos da tradición musical occidental e amosando respeto pola diversidade de prácticas e expresións musicais.

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da materia de Música Tradicional terá carácter continuo, formativo e integrador, e estará orientada a comprobar o grao de adquisición dos obxectivos e criterios de avaliación establecidos na presente programación.

Teranse en conta tanto os coñecementos teóricos adquiridos polo alumnado como a súa capacidade para identificar, analizar e contextualizar manifestacións musicais de diferentes

tradicións culturais, desenvolver pequenas investigacións etnomusicolóxicas e aplicar os coñecementos adquiridos mediante actividades de interpretación, improvisación e creación musical.

Os procedementos de avaliación adaptaranse ás características dos contidos traballados en cada trimestre, combinando probas obxectivas, traballos de investigación, exposicións orais, actividades prácticas e observación sistemática do traballo desenvolvido na aula.

7.1. Instrumentos e procedementos de avaliación

Primeira avaliación: Organoloxía

A primeira avaliación centrarase na adquisición dos coñecementos básicos de organoloxía, especialmente no recoñecemento e clasificación dos instrumentos musicais segundo o sistema Hornbostel-Sachs, así como na identificación das súas características construtivas, acústicas e sonoras.

A cualificación obterase mediante os seguintes instrumentos:

a) Proba obxectiva tipo test (70 %)

Realizarase unha proba escrita que poderá incluír preguntas de resposta múltiple, identificación de instrumentos a partir de imaxes e recoñecemento auditivo de exemplos traballados na aula.

Esta proba permitirá valorar o coñecemento dos principais sistemas de clasificación instrumental, dos mecanismos de produción sonora e das características organolóxicas dos instrumentos estudados.

b) Actividades de aula (30 %)

Valoraranse os resultados das actividades de identificación e clasificación instrumental, os exercicios de audición comentada e outras tarefas prácticas ou escritas realizadas ao longo do trimestre.

Segunda avaliación: Etnomusicoloxía

A segunda avaliación centrarase na comprensión das manifestacións musicais no seu contexto cultural e social, así como na iniciación aos procedementos básicos da investigación etnomusicolóxica.

A cualificación distribuirase do seguinte xeito:

a) Traballo escrito de investigación (50 %)

O alumnado realizará un traballo individual sobre un instrumento, agrupación ou práctica musical pertencente a unha tradición cultural determinada.

Valorarase a pertinencia e organización dos contidos, a contextualización histórica e cultural, o emprego adecuado das fontes de información, a capacidade de análise e a elaboración de conclusións propias.

b) Exposición oral do traballo (30 %)

O alumnado presentará os resultados da súa investigación ante o grupo, utilizando, cando resulte pertinente, recursos audiovisuais e exemplos musicais.

Valoraranse a claridade e organización da exposición, o dominio dos contidos, a utilización adecuada da terminoloxía e a capacidade para responder ás cuestións formuladas.

c) Actividades de investigación e análise (20 %)

Teranse en conta os exercicios de análise e comentario de audicións, as actividades de consulta e interpretación de fontes e as tarefas de aproximación á investigación etnomusicolóxica desenvolvidas na aula.

Terceira avaliación: Interpretación, improvisación e creación musical

A terceira avaliación terá un carácter eminentemente práctico e estará orientada á aplicación dos coñecementos adquiridos ao longo do curso mediante a experimentación musical.

A cualificación distribuirase do seguinte xeito:

a) Proxecto práctico final (80 %)

O alumnado realizará, individualmente ou en pequenos grupos, unha proposta musical baseada na interpretación, improvisación ou creación, na que se empreguen de maneira consciente procedementos musicais estudados durante o curso.

A avaliación terá en conta:

- A aplicación adecuada dos recursos e procedementos musicais traballados.
- A coherencia e organización da proposta.
- A creatividade e a capacidade de experimentación musical.
- A comprensión dos elementos musicais empregados e a súa relación coas tradicións estudadas.
- A capacidade para explicar e xustificar as decisións interpretativas ou creativas adoptadas.

Nas propostas colectivas, a cualificación será individual e terá en conta a contribución e o desempeño de cada alumno ou alumna.

b) Actividades prácticas de aula (20 %)

Valoraranse os resultados dos talleres de experimentación sonora, interpretación, improvisación e creación realizados ao longo do trimestre, así como a capacidade para aplicar os procedementos musicais propostos e colaborar eficazmente nas actividades colectivas.

A avaliación destas actividades non se centrará exclusivamente no nivel de destreza técnica instrumental, senón especialmente na comprensión e aplicación dos recursos musicais estudados.

7.2. Avaliación continua e seguimento do alumnado

Ao longo do curso realizarase un seguimento individualizado do proceso de aprendizaxe mediante a observación sistemática, a revisión das actividades e a valoración das diferentes producións do alumnado.

A asistencia regular e a participación nas sesións resultan especialmente importantes debido ao carácter práctico e colectivo da materia. Non obstante, a cualificación fundamentarase no grao de consecución dos criterios de avaliación, a partir das evidencias recollidas mediante os instrumentos establecidos.

O profesorado proporcionará información sobre a evolución da aprendizaxe e orientará o alumnado na mellora dos aspectos que presenten dificultades.

7.3. Cualificación das avaliacións e cualificación final

A cualificación de cada avaliación obterase mediante a aplicación das porcentaxes establecidas para os correspondentes instrumentos de avaliación.

A cualificación final ordinaria calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións, cunha ponderación dun terzo para cada unha delas, sempre que se dispoña das evidencias necesarias para valorar os criterios de avaliación correspondentes.

Considerarase superada a materia cando a cualificación final sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

7.4. Recuperación das avaliacións

O alumnado que non acade unha avaliación positiva terá a oportunidade de recuperar os criterios de avaliación non superados mediante actividades ou probas adaptadas á natureza dos contidos correspondentes.

- **Primeira avaliación:** realización dunha proba de recuperación de carácter teórico, visual e auditivo sobre os contidos de organoloxía.
- **Segunda avaliación:** revisión, ampliación ou nova elaboración do traballo de investigación e, cando corresponda, realización dunha nova exposición oral.
- **Terceira avaliación:** revisión ou realización dunha nova proposta práctica de interpretación, improvisación ou creación musical.

As actividades de recuperación permitirán comprobar a adquisición dos aprendizaxes non superados, sen necesidade de repetir aqueles que xa fosen avaliados positivamente.

7.5. Imposibilidade de aplicación da avaliación continua

Cando a falta de asistencia ou outras circunstancias impidan dispoñer de evidencias suficientes para aplicar os procedementos ordinarios de avaliación continua, estableceranse procedementos alternativos que permitan comprobar o grao de adquisición dos criterios de avaliación da materia.

Estes procedementos poderán incluír unha proba teórica de recoñecemento e clasificación instrumental, un traballo de investigación etnomusicolóxica e unha actividade práctica de interpretación, improvisación ou creación musical.

A súa aplicación realizarase conforme ao establecido na normativa vixente e nas disposicións organizativas do centro, garantindo que o alumnado sexa informado previamente das condicións e características da avaliación.

8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A materia de Música Tradicional terá un carácter de avaliación continua, polo que o profesorado realizará un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado ao longo do curso, establecendo as medidas de reforzo e recuperación necesarias para favorecer a adquisición dos obxectivos e criterios de avaliación establecidos na presente programación.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva terá a oportunidade de recuperar os criterios de avaliación non superados mediante actividades ou probas específicas, adaptadas á natureza dos contidos e competencias correspondentes a cada trimestre.

As medidas de recuperación organizaranse do seguinte xeito:

Primeira avaliación: Organoloxía

O alumnado que non supere os criterios de avaliación relacionados coa identificación, clasificación e recoñecemento dos instrumentos musicais realizará unha proba de recuperación de carácter teórico, visual e auditivo, baseada nos contidos traballados durante o primeiro trimestre.

Segunda avaliación: Etnomusicoloxía

A recuperación realizarase mediante a revisión, ampliación ou nova elaboración do traballo de investigación etnomusicolóxica. Cando resulte necesario, o alumnado deberá realizar tamén unha nova exposición oral que permita comprobar a adquisición dos criterios de avaliación correspondentes.

Terceira avaliación: Interpretación, improvisación e creación musical

O alumnado que non supere os criterios de avaliación relacionados coa aplicación práctica dos procedementos musicais estudados deberá revisar ou realizar unha nova proposta de interpretación, improvisación ou creación musical.

Esta actividade poderá desenvolverse individualmente, aínda que o proxecto inicial tivese carácter colectivo, e incluirá unha breve explicación dos recursos musicais empregados.

As actividades de recuperación centraranse nos criterios de avaliación non superados, tendo en conta as evidencias de aprendizaxe recollidas ao longo do curso.

Cando ao remate da terceira avaliación o alumnado non acadase unha cualificación positiva, realizarase unha avaliación final ordinaria na que se terán en conta os resultados das actividades de recuperación e o grao de adquisición dos criterios de avaliación da materia.

9.**PROBAS EXTRAORDINARIAS**

O alumnado que non supere a materia na avaliación final ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria no período establecido pola normativa vixente e polo calendario escolar correspondente.

A proba extraordinaria terá como finalidade comprobar a adquisición dos coñecementos e competencias fundamentais da materia, tomando como referencia os criterios de avaliación establecidos na presente programación.

A avaliación organizarase en tres apartados:

1. Proba teórica de organoloxía (40 %)

Consistirá nunha proba escrita que poderá incluír preguntas de resposta múltiple, identificación visual e auditiva de instrumentos musicais, clasificación segundo o sistema Hornbostel-Sachs e cuestións relacionadas coas súas características organolóxicas e mecanismos de produción sonora.

2. Traballo de investigación etnomusicolóxica (30 %)

O alumnado deberá presentar un traballo escrito sobre un instrumento, agrupación ou práctica musical tradicional, no que se aborden as súas características musicais e organolóxicas, así como o seu contexto cultural e social.

Valorarase a selección e organización da información, a utilización adecuada das fontes, a contextualización dos contidos e a claridade da expresión escrita.

O profesorado poderá solicitar unha breve defensa oral do traballo para comprobar o coñecemento dos contidos desenvolvidos.

3. Proba práctica de interpretación, improvisación ou creación musical (30 %)

O alumnado realizará unha proposta musical breve, individual, baseada na interpretación, improvisación ou creación, na que deberá aplicar de maneira consciente algún dos procedementos musicais estudados durante o curso.

A proba incluirá unha breve explicación oral dos recursos empregados e da súa relación cos contidos da materia.

Valorarase especialmente a comprensión e aplicación dos procedementos musicais, a coherencia da proposta e a capacidade de experimentación e expresión musical, sen que a dificultade técnica instrumental constitúa o principal elemento de cualificación.

Cualificación da proba extraordinaria

A cualificación obterase mediante a aplicación das porcentaxes establecidas para os tres apartados.

Considerarase superada a materia cando a cualificación final sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

O profesorado informará previamente o alumnado das características das probas, dos contidos obxecto de avaliación e dos criterios que se empregarán para a súa cualificación.

10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra poderase conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007,do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.

b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento correspondente, a instancia do profesorado que imparte a materia de música tradicional.

c) As propostas do departamento elevaránse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de Música Tradicional; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade…

Por estas razóns, no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo,sexan como reforzo ou ben como ampliación.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen perxudicar

o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario.

Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante as titorías.

12.ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

Tendo en conta as características da materia de música tradicional, e o seu lugar dentro do curriculo do alumnado, o departamento de vento procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como a asistencia a algunha audición durante o curso que conste de especial interese para os fins da asignatura, así coma outras posibles actividades relacionadas coa materia.

13.DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así coma os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións,capacidades, etc.

O profesor informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da sua evolución.

Asimesmo, tentaráse manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

14. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de música tradicional, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo,interese no estudo, etc.

Comentásense regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

Trasladaránse á comisión de coodinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software,mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistrais,dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.